

CATRO CUARTETOS

Textos de T. S. ELIOT

Tradución e limiar de MARTÍN VEIGA

Ilustracións de ANTONIO MURADO

Encadernación rústica, sobrecuberta. 14,5 x 21 cm. 112 páx. 15 €

ISBN 978-84-19213-34-1. Poesía. Tambo. Faktoría K de Libros.

*Time and the bell have buried the day,
The black cloud carries the sun away.
Will the sunflower turn to us, will the clematis
Stray down, bend to us; tendrils and spray
Clutch and cling?*

*O tempo e a campá soterraron o día,
a nube negra leva o sol moi lonxe.
Virará o xirasol cara a nós? Hase desviar a clemátide,
abaixarase ante nós? Apertarán e aferraranse
gabián e varelo?*

Co tempo como eixo central, cada un destes cuartetos remite a un lugar simbólico na memoria vital e espiritual do poeta e os catro constitúen unha longa viaxe polas orixes e a noción de fogar, polas vivencias da infancia como alicerce dun ámbito redentor e pola historia civil e relixiosa que marcan o Eliot da madurez.

Nun planeta devastado por dúas guerras mundiais atopa na preservación da palabra e na invocación do sagrado o mellor antídoto contra a angustia. Aí traballa, con dedicación de artesán, para a restitución da idea de Deus na modernidade.

Finalmente, na variedade formal, tonal e discursiva deste ciclo alenta tamén unha vocación de unidade que engaiola e fai da voz que el alza unha voz que, sendo rigorosamente actual, carrega os ecos dunha tradición gañada con esforzo.


Sen buscar emocións novas, senón coas comúns, e xuntando a complexidade de pensamento coa gracilidade das imaxes, o resultado é unha obra monumental prologada e traducida, oitenta anos despois da súa edición *princeps*, polo poeta e profesor Martín Veiga. O limiar salienta que a obra poética de Eliot “amalgama a querenza pola reflexión filosófica, metafísica, propia de certa literatura ensaística, cunha marcada orientación performativa e dialóxica” vencellada á súa escrita dramática.

Esta edición bilingüe en inglés e galego achega por fin a obra de quen foi “unha referencia central, indiscutíbel, do canon do modernismo anglófono e un dos grandes fitos da poesía moderna”, como afirma Veiga.



www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** poesía.

■ **Aspectos destacables:** nova edición, revisada e ampliada cun poema inédito. Outros títulos da colección *Tambo*: «[Os ángulos da brasa](#)» (Premio Nacional de Poesía 2013, Premio da Crítica Española 2012, Premio Ánxel Casal de Poesía 2012, Premio de Poesía da AELG 2012), «[Onde nunca é mañá](#)», «[Rigorosamente humano](#)» e «[Clave de bóveda](#)» de Manuel Álvarez Torneiro; «[Alén da fronteira. Sete poetas vascos](#)» (Premio Lois Tobío de Tradución 2012); «[Triptico](#)» de Antoni Marí; «[Espirál de sombras](#)» de Xavier Seoane; «[Estrela do norte](#)» e «[As sílabas do mundo](#)», de Luís Rei Núñez; «[Tempo de exilio](#)» de Joseba Sarrionandia (I Premio Etxepare-Laboral Kutxa de Tradución 2015); «[Diario de Crosses Green](#)» e «[A ganancia e a perda](#)» de Martín Veiga; «[Tempo transfigurado](#)» de Cesáreo Sánchez Iglesias; «[Cervatos](#)» de Lucía Novas; «[Feliz idade](#)» (Premio Nacional de Poesía 2020, Premio da Crítica Española 2019, Premio da Crítica de Galicia 2020, Premio Gala do Libro Galego 2020) e «[Cráter](#)», de Olga Novo.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/catro-cuartetos-g>

Thomas Stearns Eliot

(Saint Louis, 1888 - Londres, 1965)

Tras a infancia na súa cidade natal, no seo dunha familia acomodada e culta, en 1906 ingresa na Universidade de Harvard, onde estuda grego, literatura inglesa, alemán, historia medieval e historia da arte. Interésase polos poetas simbolistas franceses e baixo ese influxo chega en 1909 a París. Estuda tamén en profundidade a Dante, John Donne e outros poetas metafísicos ingleses e en 1914 regresa a Europa para instalarse definitivamente en Londres. Estréase como poeta con *Prufrock and Other Observations* (1917) e publica tamén crítica e ensaios, reunidos en *The Sacred Wood* (1921). En 1922 dá ao prelo *The Waste Land* (*A terra erma*), un poema complexo e escuro, recibido axiña como reflexo do tempo en desintegración que sucede á Primeira Guerra Mundial. Desde 1924 exerce como editor ao tempo que novos libros o acaban convertendo no principal referente da poesía británica, un lugar que revalida e agranda en 1943 con *Four Quartets*. Recibe o Premio Nobel en 1948 e desde aí ata a súa morte en 1965 dedícase, nomeadamente, á literatura teatral.